



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 PERSOA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA LOCAL.

1ª Obxecto.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal, con carácter de urxencia, de UNHA (1) persoa para a oficina de Turismo a tempo completo e na modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado de conformidade co establecido no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

O sistema de selección será a través de oposición de conformidade co recollido nas presentes bases e nas Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Rías Baixas publicadas no BOP núm. 11 do 16/01/2019.

A urxencia da contratación vén motivada por necesidades do servizo.

2ª Modalidade de contratación e duración do contrato.

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado para a prestación do Servizo de información turística local , cunha xornada establecida en 37,5 horas semanais, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá ou tarde, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

A duración máxima do contrato será de 3 meses.

POSTO	NUM TRABALLADORES	XORNADA	DURACION CONTRATO
Informador/a turístico/a local	1	100%	3 MESES

3ª Retribucións e financiamento

As contratacións financiaranse con cargo á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento dos custos da dotación de persoal para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

turismo Rías Baixas publicadas no BOP núm. 11 do 16/01/2019 e con cargo aos orzamentos do Concello de Bueu para o exercicio de 2018, prorrogados para o ano 2019.

As retribucións brutas para o posto serán as seguintes:

POSTO	SALARIO BRUTO MENSUAL
Informador/a turístico local	1452,99 €

4ª Funcións

As tarefas a realizar están relacionadas coa información turística local no punto de información municipal aos turistas e visitantes e consistirán en:

Asesorar e informar ao turista no punto de información tendo en conta as normas de protocolo básicas.

Guiar e asistir aos turistas respecto de visitas, traslados,...empregando as estratexias de comunicación adecuadas.

Informar e conducir a turistas e viaxeiros, fomentando o respecto pola riqueza do patrimonio cultural e natural.

Atender as continxencias, imprevistos e queixas que poidan xurdir.

5ª Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:

1. Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no art. 57 do RD lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do EBEP. Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.
2. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
3. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.

Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) dalgunha das seguintes titulacións:

Ciclo superior de Guía, información e asistencia turísticas.

Certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108).



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

4. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado ou informe médico oficial. Deberá ser achegado unha vez finalizado o proceso selectivo unicamente por aqueles candidatos que se propoñan para ser contratados.
Para estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitación físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño de traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.
5. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.
6. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984, do 26 decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

6ª Solicitudes e admisión

As solicitudes presentaranse con data límite **9 de xullo** no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, a través da sede electrónica ou por calquera dos medios previstos na Lei de procedemento administrativo, a seguinte documentación:

- Modelo de instancia de participación no proceso selectivo (**Anexo II**), que estará **disponible na web do Concello (www.concellodebueu.gal) e tamén será facilitada no Departamento de emprego do concello.**
- Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da súa identidade.

7ª Procedemento de selección

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase o listado provisional de admitidos e excluídos, así como o motivo da exclusión, de ser o caso. A partir de aquí haberá un prazo **de 2 días hábiles** para a emenda de documentación. Logo publicarase o listado definitivo.

O procedemento de selección será o de oposición e consistirá na realización dunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas tarefas propias do posto de traballo a desenvolver en base ao temario que figura como Anexo I a estas bases, no tempo de realización que acorde o Tribunal.

O exercicio terá lugar na data e hora sinalado polo tribunal en chamamento único, e os aspirantes que non concorran ao mesmo perderán o seu dereito a participar no proceso, sen posibilidade de aprazamento da proba de ningún tipo.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Os candidatos admitidos deberán acudir provistos de DNI ou equivalente e bolígrafo de cor azul ou negro para a realización da proba.

O exercicio puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Ao remate do exercicio e rematada a corrección do mesmo, o tribunal fará pública a relación de aspirantes coa puntuación do proceso.

Unha vez publicada a relación de aspirantes coa puntuación total do proceso selectivo, o tribunal concederá un prazo máximo de **2 días hábiles** para a presentación das reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

No caso de producirse empates nas puntuacións do exame, resolverase a través de sorteo público.

8ª Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e non poden ser parte do mesmo os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a da Corporación Municipal, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- Secretario/a: Un funcionario/a do Concello de Bueu con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados

Vogais: 3 funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu ou de calquera outra administración pública, con titulación igual ou superior á esixida para os postos convocados.

Asi mesmo nomearanse un número igual de suplentes para cubrir as posibles ausencias ou vacantes dos membros titulares.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexerá polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

9ª Contratación da persoa seleccionada.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal formulará a proposta de contratación a favor do/da aspirante que acadase a maior puntuación .

Non obstante o anterior, o procedemento para formalizar a contratación axustarase ao seguinte cronograma:

O/a aspirante proposto/a deberá achegar no prazo máximo de **03 días hábiles** dende a proposta de contratación a seguinte documentación:

- Titulación requirida segundo o posto de traballo indicado na base 3ª.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. **(Anexo III)**.
- Número de afiliación á Seguridade Social /copia tarxeta sanitaria.
- Número de conta para o ingreso da nómina.

1. Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos para ser contratado, éste decaerá nos seus dereitos e quedarán anuladas todas as actuacións realizadas a favor do mesmo sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

2. Para o suposto de que algún dos/as aspirantes inicialmente propostos/as (ou os/as sucesivos seguintes) renunciaren á contratación ou non reunira os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou se é o caso, dos seguintes aspirantes) que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes e que tivera superada a proba.

10ª.- Publicidade do procedemento

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na páxina web municipal www.concellodebueu.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://bueu.sedelectronica.gal>).



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

11ª.- Listaxe de reserva.

Os aspirantes que superando o proceso selectivo non fosen contratados, formarán unha lista de reserva para cubrir as posibles renuncias ou baixas dos candidatos contratados. Esta listaxe de reserva vincúlase única e exclusivamente á xestión do proceso selectivo derivado da subvención da Deputación de Pontevedra, quedando sen efectos unha vez rematadas as contratacións.

12ª.- Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares de datos de carácter persoal consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

13ª.—Disposicións derradeiras

Primeira.—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

Segunda.—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector público, na lei 39/2015 de procedemento administrativo común, así como na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ANEXO I

TEMARIO

1. Lei 7/2011 de Turismo de Galicia
2. As Rías Baixas.
3. Espazos naturais protexidos no concello de Bueu.
4. Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia: o parque nacional, valores, autorizacións.
5. Rueiro do concello de Bueu.
6. Praias do Concello de Bueu.
7. O Museo Massó.
8. Centros museísticos, medioambientais e de interpretación en Bueu.
9. Principais eventos e festas en Bueu.
10. Medios de transporte en Bueu: principais empresas e rutas.



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Anexo II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

Oficina de Turismo 2019

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

D/DNA			
DNI		ENDEREZO	
CP		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		PROVINCIA	
TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO	

FUNDAMENTACIÓN DA SOLICITUDE

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria dun proceso selectivo para a contratación dun/ha **informador turístico/a local** para a oficina de turismo e considerando reunir os requisitos esixidos na base terceira, de conformidade coa documentación que se xunta e co coñecemento e expresa aceptación das bases da convocatoria

SOLICITO:

Ser admitido/ a no proceso selectivo, de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

	Copia do DNI.
	Marcar a opción para o exame:
	<input type="checkbox"/> Galego <input type="checkbox"/> Castelán

Bueu, de de 2019

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU
Rexistro Xeral do Concello



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

D/^a.....

provisto/a de D.N.I. nº....., con enderezo na

R/.....núm.piso.....

C.P.....

Localidade,.....Municipio.....

Provincia.....C.P.....Teléfono.....

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a contratación temporal dun/ha **informador/a turístico local**

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Bueu,.....de.....2019

Asdo: